

## SAÍDA A SAN CRISTOVO DE NOVELÚA:



San Cristovo de Novelúa é unha parroquia formada polos lugares de Vilamaior, A Ermida, O Castro, O Batán, Fontearcada, Trascastro, Lama Retorta, Lentil, A Areosa e As Casas de Gai. Ata hai un século a parroquia que hoxe coñecemos como San Pedro de Milleirós era un lugar máis de Novelúa.

É rica en vestixios artísticos, entre os que están varios túmulos megalíticos (medorras), dous castros, unha igrexa das máis singulares do románico ulloán, sarteiros medievais, pazos, muíños, etc.

Un dos castros de maiores dimensións do concello é o Cercio, na súa aba sitúase a fonte de San Antonio, tamén chamada da Madalena, e algúns restos dunha pequena ermida. Arredor da mesma realizábanse ritos a prol da fertilidade e da protección da xestante. Parece que esa pode ser a orixe do topónimo Novelúa, nove lúas, é dicir nove meses lunares que veñen a coincidir cun embarazo. Hai outras teorías que fundamentan as orixes nuns supostos irmáns: Novelo e Lúa. No mesmo castro áchase unha rocha na que foi efectuada unha coviña que tería sido tamén empregada con fins rituais.

O outro dos castros é un deses casos nos que a primitiva aldea castrexa nunca deixou de ser habitada (pensemos en Pedrafita, ou o Padornelo, por exemplo), sen embargo, foise adaptando ás necesidades vitais e arquitectónicas dos sucesivos poboadores, denomínase O Castro e sobre a croa do mesmo sitúase o templo cristiá de feitura románica que foi clasificada polos expertos como edificación do século XII. A singularidade máis característica

desta é a presenza dunha torre defensiva no ángulo suroeste. Algúns críticos consideran que é previa ao resto da construción relixiosa. Ademais deste torreón a igrexa componse de tres tramos: pórtico con tres vanos de entrada, nave propiamente dita e absida semicircular con vano de celosía pétreo. Posúe chapiteis historiados de gran beleza, así coma outros de decoración vexetal, banco corrido en todo o pórtico, arco de medio punto lixeiramente apuntado, sagrario pétreo...

As casas do Batán e de Fontearcada posúen cadansúa capela as cales xunto co topónimo “A Ermida”, a xa comentada capela da Madalena ou de San Antonio e a capela do Carme da Casa de Mouronte testemuñan a forte implantación que acadou o Cristianismo neste solar dende a Idade Media.

En fin... moito máis se podería comentar de Novelúa, solar da vía romana que dende Entrambasaugas atravesa cara Monterroso lugares onde apareceron sendos miliarios con epígrafes.

Refírese o topónimo “Milleirós” ás millaras que talvez houbo marcando a vía ou aos campos de millo que se erguían nos agros?

### **Cómo chegar:**

En Monterroso collemos en dirección Lugo e a 500 m desviámonos á esquerda seguindo o indicador que pon “Ligonde”. A 3,8 km é preciso tomar o desvío á dereita, sinalizado. A 1,2 km está a igrexa.

Sección de Historia do Instituto de Estudos Ulloáns